

O SON: GIACINTO SCELSI (Remixes)

S@X21 – Pablo Coello, Rafael Yebra *saxofóns*

Ángel Faraldo *electrónica*

O *son* como materia (material); a música do compositor italiano Giacinto Scelsi, e a súa exploración sobre as diferentes dimensións do son (tamén a da profundidade) serve a S@X21 para crear este espectáculo no que se reelabora ou transforma a súa música: o son no seu aspecto contemplativo, interior (*Maknongan*, *Le revei profond*, *Kshara*), como elemento de virtuosismo (*Suite*, *Rucke di guck*, *C'est bien la nuit*), ou como, no caso de *Hyxos*, cunha dimensión caseque ritual. Todo este material é transformado a través da electrónica, servindo de unión entre as diferentes obras do programa.

Sartnam: ENCOMENDA

M a k n o n g a n (1976)

Sartnam: Lam

L e R e v e i l p r o f o n d (1972)

Sartnam: Mam

S u i t e (1953)

Sartnam: Ram

H y x o s (1955)

Sartnam: Yam

R u c k e d i g u c k (1957)

Sartnam: Ham

K s h a r a (1975)

Sartnam: Om

C ' e s t b i e n l a n u i t (1972)


Sartnam: Aum

M a k n o n g a n

Sartnam: EPÍLOGO

Sartnam (2010) - electrónica

Ángel faraldo



Giuseppe Lodi

La Spezia, 1905 – Roma, 1988

“A música non pode existir sen o son, pero o son pode existir sen a música”

“Aquel que non penetre no interior, no corazón do son, pode ser un artesán perfecto, un gran técnico, pero nunca será un verdadeiro artista, un verdadeiro músico”

“O son é esférico, aínda que para o oínte non teña máis que dúas dimensións: altura e duración - a terceira dimensión, a profundidade, se nos escapa dalgún xeito, pero sabemos que existe”

“A arte é moi simple ou non é”

“Non son compositor. Compoñer quere dicir meter unha cousa noutra. Eu non fago iso”

“Podemos ver o son como unha forza cósmica que é a base de todo. Hai neste sentido unha bonita definición: O son é o primeiro movemento do inmutable, e isto é o inicio da creación”

Maknongan instrumento ou voz grave **Le Reveil profond** contra baixo **Suite** frauta e clarinete **Hyxos** frauta e percusión **Rucke di guck** frauta piccolo e oboe **Kshara** dous contra baixos **C'est bien la nuit** contra baixo.

S@X21, máis alá da tradicional concepción de cuarteto de saxofóns, artículase en múltiples combinacións e permutacións instrumentais, ofrecendo un gran dinamismo e versatilidade nas súas actuacións. Os seus espectáculos, e os programas que os configuran, caracterízanse polo aproveitamento dos espazos escénicos e por un gran dinamismo e creatividade sonora e visual. Cunha ampla actividade, tanto individual como de grupo, realizaron numerosos concertos, participando en festivais e congresos, organizando ademais diferentes actividades en torno á creación e interpretación da música contemporánea e apostando especialmente por novas creacións de compositores galegos (Fernando Buide, Ángel Faraldo, Jesús González, Xabier Mariño, Antón Pulido, Eduardo Soutullo), españois e internacionais (Gabriel Erkoreka, David del Puerto, Pedro Rebelo, Luca Mosca, Pedro Moreira, Helmut Oehring, Christophe Havel, Kevin Mayo, Eckart Beinke, José Luis Campana)

Sendo os saxofóns a base instrumental da formación, colaboran con outros instrumentistas e outras disciplinas artísticas: percusións, piano, contrabaixo, voz, electrónica en vivo, *performances*, vídeo creacións, improvisacións...

Ángel Faraldo. Ferrol, 1980.

Compositor, improvisador e deseñador de instrumentos dixitais. Estudou guitarra no Real Conservatorio de Música de Madrid e sonoloxía no Koninklijk Conservatorium de La Haya.

Como improvisador normalmente utiliza o seu sintetizador dixital *MISS*, tocando por toda Europa con proxectos como o dúo electroacústico *Yuaf*, (con Yolanda Uriz), o cuarteto *Nocomotras* (con Mike Majkowski, Laura Altman e Yolanda Uriz), *The Royal Improvisers Orchestra*, así como con presentacións do seu traballo en solitario con *MISS (I miss you)* (2009), editado pola portuguesa *friendlyvirus*).

Como compositor ten escrito música para cortometraxes, cinta, concerto e instalación. Os seus proxectos recentes inclúen a instalación sonora interactiva *diario de Cualquiera* (Madrid, 2007); *Apropiación* (Madrid, 2006), para dous narradores procesados por ordenador, coro e música pre-grabada; *FRAME-WORK* (La Haya, 2009) para catro computadoras e unha fonte sonora; e o proxecto multidisciplinar *Koumaria* (Atenas, 2009) producido por *Medea Electronique* (GR).